

ESCOLA SUPERIOR DE ARTE DRAMÁTICA DE GALICIA

PLAN ESTRATÉXICO

2018-2022

**[Aprobado en Claustro e en Consello Escolar, en reunións ordinarias celebradas
o día 8 de maio de 2018]**

PRESENTACIÓN

Trece anos despois da súa posta en funcionamento, no curso escolar 2005-2006, e próximo xa o seu décimo quinto aniversario, a ESAD de Galicia presenta un novo Plan Estratéxico que ten como finalidade dar por finalizada a fase de creación e posta en funcionamento e finalmente iniciar unha nova fase: a do pleno desenvolvemento e a da plena integración no Espazo Europeo de Educación Superior.

Como en plans anteriores, esta nova proposta de traballo implica desenvolver ámbitos diversos desde aspectos organizativos ate a súa proxección no sistema educativo, cultural e teatral galego e internacional, sen esquecer, de novo, un conxunto de necesidades e melloras que se fixeron sentir nos últimos dez anos e que afectan de forma directa o desenvolvemento da institución, o desempeño das súas funcións e a consecución dos seus obxectivos estratéxicos. De novo déixase sentir o feito de que hai cuestións e problemáticas a resolver que non dependen da Comunidade Educativa da ESAD de Galicia ao teren as autoridades académicas e a administración educativa as competencias para a súa resolución.

O Plan establece obxectivos estratéxicos e grandes liñas de actuación para o período comprendido entre abril de 2018 e xullo de 2022, o que implica que vai afectar aos cursos escolares 2018–2019, 2019–2020, 2020–2021 e 2021–2022, que poden e deben ser fundamentais no desenvolvemento institucional da Escola.

OBXECTIVOS

Ao longo dos próximos catro cursos escolares, a ESAD de Galicia vai traballar pola consecución duns obxectivos que se consideran estratéxicos para lograr culminar esa primeira fase de asentamento e iniciar a de desenvolvemento:

1. Afondar na promoción dunha formación artística de calidade, humanista e baseada en principios de tolerancia, igualdade, solidariedade e respecto pola diversidade.

2. Desenvolver e potenciar unha cultura de centro asentada en valores de participación, deliberación e responsabilidade, na que se implique toda a comunidade educativa.
3. Finalizar o proceso de desenvolvemento institucional da ESAD nos planos académico, organizativo e administrativo, e no referente aos recursos.
4. Culminar o proceso de converxencia da ESAD no Espazo Europeo de Educación Superior.
5. Consolidar recursos humanos e materiais para o pleno desenvolvemento das funcións que a institución ten encomendas en función da lexislación vixente.
6. Tecer unha rede de entidade e institucións, a nivel galego e internacional, para o desenvolvemento de proxectos conxuntos.
7. Promover a mobilidade de profesorado e alumnado, a través dunha rede de centros e institucións coas que traballar en parcería, prestando especial atención á mobilidade con países de Iberoamérica.
8. Potenciar a transición á vida activa das persoas tituladas por medio dunha rede de empresas, entidades e organismos, e realizando estudos para coñecer as dinámicas de transición.

ESTRATEGIAS E LIÑAS DE ACTUACIÓN

Para a consecución deses obxectivos, desde a ESAD de Galicia vanse desenvolver diferentes iniciativas que se concretarán en proxectos, actividades e liñas de traballo, que estarán presentes nos sucesivos Plans Anuais de cada un dos cursos escolares.

Na elaboración do Plan Estratéxico fórmulanse liñas de actuación que, na súa posta en marcha, non dependen en exclusiva da Escola, en tanto centro dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, o que implica que a consecución de determinadas finalidades ou a posta en marcha de determinadas actividades vai depender da propia Consellería. Resulta pois aconsellable diferenciar entre aquelas liñas de desenvolvemento que dependen das autoridades académicas e aquelas outras que dependen directamente da ESAD e do seu persoal. Por iso neste novo Plan estratéxico imos diferenciar con claridade ambos ámbitos, ben que non poucas liñas de traballo que se poden considerar “internas” dependen en boa medida do cumprimento dunha serie de requirimentos de carácter “externo”.

**AS RESPONSABILIDADES DA ADMINISTRACIÓN:
as condicións previas para o desenvolvemento pleno das funcións propias da
institución.**

Estatuto institucional da ESAD de Galicia. Coa finalidade de lograr unha plena integración do centro e da súa oferta educativa no Espazo Europeo de Educación Superior, pero tamén para potenciar a súa incorporación ao Sistema Español de Ciencia e Tecnoloxía, e desenvolver finalmente todas as súas potencialidades propoñemos:

1. Adscrición do centro á Universidade de Vigo, e, en consecuencia, desenvolvemento de todos os procesos implícitos na mesma, desde a elaboración dunha normativa de funcionamento acorde á norma universitaria ata a posta en marcha dunha nova oferta educativa.

Infraestruturas, equipamentos e recursos materiais. Falamos do continente que nos permita desenvolver contidos e lograr finalidades e obxectivos. E para iso cómpre culminar o proceso de construción das instalacións da ESAD, segundo o establecido no proxecto inicial, e de dotación de equipamentos e recursos para o desenvolvemento dos procesos de ensinanza, aprendizaxe, creación e investigación.

O proxecto inicial para a construción da sede da ESADg incluía a construción de tres edificios, dos que só contamos co primeiro, quedando por executar o segundo (teatro, aulas de escenografía, almacéns, sala negra para produción audiovisual...), e un segundo edificio para aulas prácticas e áreas de traballo do profesorado. Na necesaria construción destes dous edificios propoñemos o seguinte cronograma:

2018/2019	2020	2021
Estudo de necesidades Realización do proxecto Licitación	Construción	Construción Equipamento Ocupación

Amais da construción dos dous edificios restantes, cómpre considerar a súa dotación e outros equipamentos e recursos, sexan materiais ou orzamentarios, para garantir neste último caso que a Escola conte co financiamento suficiente. Nesa dirección, propoñemos desenvolver as seguintes liñas de traballo:

1. Financiamento do centro en función das necesidades demostradas, con partidas específicas para biblioteca, traballos de creación escénica derivados

dos procesos de ensinanza e aprendizaxe, asignación a departamentos ou Traballos de Fin de Estudos do alumnado. Resulta clave que os Traballos Fin de Estudos se convertan nunha posibilidade de transición á vida activa do alumnado, polo que eses traballos deben ter a consistencia dun espectáculo teatral con formato profesional en todos os aspectos, susceptible de ser distribuído profesionalmente.

2. Dotación de equipamentos e recursos materiais que van desde os equipos informáticos, até todo o equipamento de maquinaria escénica, iluminación, son, dobraxe e produción audiovisual, necesarios nos procesos propios da escola: docencia, aprendizaxe, creación e investigación.

Recursos humanos. Trátase dun capítulo fundamental que se vincula con dous colectivos que conforman a comunidade educativa da ESAD de Galicia: profesorado e persoal de administración e servizos. Para o período de vixencia deste Plan estratéxico, e con independencia das necesidades que derivasen da existencia de dous edificios máis, as demandas actuais son as seguintes:

1. *Encargado de estrutura escénica*, que tería como finalidade a supervisión do uso das infraestruturas, dotacións e equipamentos escénicos da escola, desde o teatro até o almacén.
2. *Técnicos de luces e son*, persoas que terían como finalidade o apoio técnico a todas as actividades de docencia e aprendizaxe vinculadas cos procesos de creación escénica así como as actividades de exhibición de espectáculos didácticos ou o acompañamento doutros espectáculos que se puidesen ofrecer no centro.
3. *Auxiliares de arquivos e bibliotecas*, persoas que terían como función o catálogo e xestión dos fondos da biblioteca, entendendo que estamos nun centro na que o alumnado e o profesorado, como acontece na universidade, fai un uso intensivo e permanente dos recursos bibliográficos, en traballos de formación, creación e investigación. Igualmente hai que considerar diferentes doazóns de fondos bibliográficos nestes momentos paralizadas ao non dispoñer dos recursos humanos para a súa adecuada xestión e catalogación.
4. *Produtor/a*, persoa que tería como función o acompañamento dos procesos de creación e difusión escénica, desde a coordinación de compras até a difusión de información e propaganda.
5. *Limpadores /as*, en función dos metros construídos e de uso do centro.
6. *Conserxes*, para poder contar cun horario que permitise a exhibición teatral fóra do horario lectivo, o que implica variacións no horario de apertura e peche durante a semana e os fins de semana.

Creación e difusión. Sendo a ESAD de Galicia un centro oficial de creadores escénicos, parece aconsellable que no seu período de formación estes creadores poidan manter unha relación permanente cos públicos, pero a comunidade educativa tamén debe realizar outros traballos de difusión e divulgación que teñan como efecto aumentar a visibilidade do feito escénico, con liñas de traballo para:

1. Difusión interna dos traballos escénicos realizados na ESAD de Galicia, promovendo a creación e formación de públicos a través da exhibición de produtos propios. Para iso cómpre contar cos espazos de exhibición previstos no proxecto inicial de Escola: un teatro, unha sala de menor capacidade (a actual Sala Pedra Seixa) e un espazo modificable con gradas (ou “black box”), cunha dotación técnica necesaria e co correspondente cadro de persoal técnico.
2. Difusión externa dos traballos da ESAD como maneira de darlle visibilidade aos nosos creadores e creadoras e favorecer o seu contacto permanente con todo tipo de públicos, mediante o programa Fóra de Portas.
3. Promoción dos teatros da Escola como marcos de exhibición permanente e a súa integración na Rede Galega de Teatros e Auditorios e noutras redes de ámbito nacional e internacional.

A investigación. A ESAD de Galicia debe ser un centro de referencia no eido do desenvolvemento de experiencias escénicas, desde as máis tradicionais ata as mais experimentais. Para iso cómpren marcos que permitan potenciar o rol investigador do profesorado e dos titulados e tituladas da ESAD, promover estadias de investigación e creación na ESAD e facilitar estadias de creación e investigación noutras institucións. Nesa liña, cómpre:

1. Incorporación da ESAD ao censo de institucións de investigación, e recoñecemento do estatuto investigador do seu profesorado.
2. Apoio da administración á creación, mediante convocatoria oficial específica, de grupos de investigación na ESAD.
3. Creación da figura do investigador / creador en formación a través de axudas e bolsas de traballo, especialmente dirixidas aos titulados da ESAD.
4. Potenciación da Biblioteca da ESAD como un centro bibliográfico especializado en investigación aplicada ás artes escénicas.
5. Potenciación das publicacións da ESAD e da difusión de todo tipo de materiais en diferentes soportes, especialmente de revistas científicas a través do sistema de Open Journal Systems.

AS RESPONSABILIDADES DA ESAD: o desenvolvemento interno da ESAD de Galicia.

Liñas básicas de actuación vinculadas con aqueles ámbitos nos que a comunidade educativa ten un maior grao de responsabilidade ou que se corresponden coas funcións de cada un dos seus sectores.

Oferta educativa. Como obxectivo xeral cómpre desenvolver e mellorar a oferta educativa formal (grao e posgrao) e non formal da institución en función das necesidades e demandas do sistema cultural da Comunidade Autónoma de Galicia, prestando especial atención á formación en rede e á formación en investigación aplicada. Como obxectivos específicos para estes catro anos, hai que destacar:

1. Conversión dos actuais estudos superiores en estudos de grao, ao abeiro da adscrición á Universidade de Vigo.
2. Posta en marcha de estudos de posgrao.
3. Posta en marcha dunha oferta específica de cursos de especialización orientada a colectivos diversos.
4. Fomento da formación aberta.

Os procesos de ensinanza e aprendizaxe. Trátase do ámbito central de traballo, o que debe orientar o traballo diario do profesorado e do alumnado para conseguir unha formación de calidade e adaptada ás necesidades do mercado laboral.

1. Fomento do traballo coordinado entre docentes e materias en programas específicos de carácter interdisciplinario.
2. Promoción do Método de Proxectos como liña de coordinación entre as diferentes áreas e materias que integran o currículo, e aplicado en procesos comúns de creación escénica
3. Desenvolvemento de materiais didácticos que faciliten o traballo do alumnado e do profesorado.
4. Potenciación da presenza de recursos en rede para facilitar o traballo do profesorado e do alumnado.
5. Incorporación da plataforma Moodle ou similar.

O curricular. Con independencia de que a posible adscrición do centro á Universidade de Vigo implique a elaboración dun novo plan de estudos, cómpre desenvolver unha iniciativa orientada a:

1. Elaboración de Guías de Curso que definan con claridade as competencias específicas de cada materia e as competencias xerais de cada curso.

Establecemento de mecanismos de seguimento, supervisión, avaliación e mellora das ditas Guías.

A formación dos recursos humanos. A ESAD de Galicia debería converterse nun centro de referencia pola diversidade e calidade da súa oferta educativa. En consecuencia propóñense as seguintes liñas de traballo:

1. Promoción da formación permanente do persoal docente e investigador a través da celebración de actividades diversas, especialmente os proxectos de formación en centros, seminarios permanentes e grupos de traballo.
2. Celebración de congresos, encontros e seminarios vinculados coa promoción, difusión e transferencia do coñecemento escénico.

Xestión e participación. Consonte o expresado en plans anteriores pero tamén nos documentos oficiais do centro e na propia lexislación aplicable, cómpre seguir desenvolvendo as seguintes liñas de traballo:

1. Fomento permanente dunha xestión democrática e transparente, que renda contas de todos os actos.
2. Cumprimento e potenciación de protocolos de transparencia e boa administración, protección de datos, e fomento da igualdade, da diversidade e da non discriminación.
3. Establecemento preciso de áreas de traballo e de responsabilidades e funcións das persoas responsables, así como pautas precisas de coordinación.
4. Promoción de canles de información e comunicación entre as áreas de xestión e os seus usuarios.
5. Potenciación do labor e as funcións dos órganos colexiados de xestión e participación.
6. Promoción da participación de toda a comunidade escolar na xestión e na toma de decisións.
7. Potenciación da Delegación de alumnado.

Mobilidade e transición á vida activa. Trátase dunha área fundamental de traballo que debe ter especial prioridade na medida en que ademais do fomento da mobilidade, a ESAD de Galicia tamén debe velar pola “empregabilidade” dos seus titulados e tituladas, a través de medidas que teñan como finalidade:

1. Fomento de liñas de mobilidade do alumnado e do profesorado a través de programas de intercambio e de estadias en formación, especialmente a través do programa ERASMUS MUNDUS.

2. Impulso dos Traballos Fin de Estudos como oportunidade de transición á vida activa.
3. Establecemento de relacións fluídas cos axentes sociais do campo cultural para potenciar as liñas de inserción laboral dos titulados da ESAD.
4. Potenciación das prácticas en empresas.
5. Creación dunha Oficina de Iniciativas Escénicas para favorecer a transición á vida activa dos titulados e tituladas da ESAD, potenciando en especial a incorporación da muller a áreas nas que a súa presenza é minoritaria.

Relacións externas. Consideramos ámbitos de actuación diversos, desde as relacións coa contorna máis inmediata ata as relacións institucionais con outras entidades e organismos propios do campo das artes escénicas, no plano nacional e internacional:

1. Potenciar relacións fluídas e permanentes con institucións locais, provinciais, autonómicas, estatais, e internacionais para traballar de forma conxunta no desenvolvemento das finalidades da ESAD ou na promoción do sistema teatral.
2. Potenciar relacións fluídas con centros superiores de ensinanza artística de Galicia, do Estado e de Portugal.
3. Establecer relacións e colaboracións con outras institucións formativas no plano internacional para promover a mobilidade do alumnado e do profesorado.

Desenvolvemento do Sistema de Garantía Interna de Calidade, para velar polo cumprimento das funcións da institución en todos os seus ámbitos de actuación e potenciar plans de mellora permanente. A ESAD de Galicia ten posto en marcha un sistema de xestión da calidade que incorpora elementos da norma ISO e considera igualmente as directrices emanadas da ACSUG e da ANECA, esencialmente o programa FIDES-AUDIT. Para o período de vixencia do presente Plan estratéxico, establécense as seguintes liñas de traballo.

1. Revisión e desenvolvemento permanente do Manual de Calidade.
2. Realización de auditorías internas e externas para a mellora do MC.
3. Consecución da certificación FIDES-AUDIT.

Actividades. Ao longo dos últimos doce anos, a ESAD de Galicia veu realizando, ou deseñando, un conxunto de actividades que, no seu desenvolvemento e na propia celebración, estiveron ou están condicionadas aos patrocinios e liñas de colaboración de diversos organismos e entidades. Son actividades fundamentais no proceso de asentamento institucional e académico da ESADg, como centro de formación, creación e investigación, polo que nos próximos 4 anos se deberían dar os pasos para a súa consolidación definitiva:

- Escénika. Campus internacional de verán.
- Escénika investigación. Congreso Internacional.
- Escénika. Mostra Internacional.
- *Escenika*. Revista de investigación.
- *Compañía escénica* da ESAD de Galicia.
- *Proxecto Nós*.
- *Seminario permanente de pedagogía teatral*: coa finalidade de afondar en liñas de traballo xa abertas vinculadas doa simulación dramática, teatro social, teatro e diversidade, teatro e mediación
- Programa *Fóra de portas*, para a difusión de traballos realizados na ESAD, sempre cunha finalidade educativa.
- Visitas pedagóxicas / saídas pedagóxicas.
- *Memorias do teatro*, que persegue recuperar, manter e poñer en valor a nosa memoria teatral a través de mostras, conferencias, xornadas, seminarios ou publicacións.
- *Foro Poza Cabalo*, que persegue a celebración de debates, encontros e congresos arredor de temáticas vinculadas coas políticas educativas, culturais e/ou escénicas.
- *Dramaturxias.con*, programa orientado a dar a coñecer dramaturxias vellas e novas.
- Premios, para promover a emerxencia e proxección de novos/as creadores/as.
- Día Mundial do Teatro.

Todo iso con independencia dos actos que se poidan organizar en relación con outras efemérides e datas coma o Día Internacional da Danza, Día do Libro, Letras Galegas, Día dos Museos, Día Internacional da Muller Traballadora, e outros considerados desde a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

CONCRECIÓN

O plan estratéxico para o período 2018-2022 vaise concretar en catro plans anuais, un para cada curso escolar, sendo o primeiro o do curso escolar 2018-2019. Cada plan anual tentará desenvolver os obxectivos formulados e poñer en marcha as liñas de traballo que nos permitan a súa consecución, polo que a finais de cada curso escolar, segundo establece a lexislación vixente, haberá que realizar unha avaliación de cada Plan Anual e considerar en que medida nos permiten lograr os obxectivos e se as

estratexias son as axeitadas. En cada momento tomaranse as medidas correctoras que se estimen oportunas. Cada Plan Anual será elaborado polo equipo de dirección da Escola que o someterá á consideración do Claustro de Profesores e Profesoras para recoller suxestións e novas propostas, e, finalmente, será presentado diante do Consello Escolar, coa mesma finalidade, e para a súa aprobación definitiva.